

As meninxites

MENINXITE

É unha enfermidade que produce inflamación nas membranas que envolven ao cerebro (meninxes), pero non sempre é sinónimo de gravidade. Pode ser de orixe vírica ou bacteriana.

MENINXITES VÍRICAS

Relativamente frecuentes, adoitan afectar aos que teñen menos de 20 anos, pero sen producir cadros clínicos graves. Na maioría dos casos súa evolución é benigna non precisando tratamento antibiótico nin para o doente nin para as persoas máis íntimas ou próximas a el (contactos). A sintomatoloxía máis común é dor de cabeza e febre que se pode acompañar de vómitos.

Dado que o mecanismo de transmisión son as feces e as secrecións respiratorias (tose, esbirros, bicos na boca...), unha hixiene habitual correcta, con especial atención ao lavado frecuente das mans, axuda a previr o contaxio da enfermidade por este tipo de xerme.

MENINXITES BACTERIANAS

Son as menos frecuentes, pero as máis graves. Os xermes que causan meninxites bacterianas no noso medio teñen sufrido un importante descenso nos últimos anos. Na actualidade, a bacteria responsable dun maior número de meninxites durante a infancia é o meningococo (*Neisseria meningitidis*).

MENINGOCOCO

É unha bacteria que vive habitualmente na gorxa e no nariz das persoas. Un 10% delas poden ser portadoras sans, polo que ser portador non significa estar enfermo. Hai varios tipos de meningococos. O máis frecuente no noso medio é o meningococo B, para o que, na actualidade, non existe unha vacina eficaz.

O meningococo é o causante da **ENFERMIDADE MENINGOCÓCICA**, que habitualmente se manifesta, ben como **meninxite** (resposta inflamatoria local das meninxes), ben como **septicemia** (infección xeral do sangue).

Pode afectar a persoas de todas as idades, pero principalmente as que teñen menos de dous anos de idade.

COMO SE TRANSMITE O MENINGOCOCO?

Pódese propagar pola tose, esbirros ou por contacto directo, máis non é doado contraer a enfermidade, xa que se necesita a convivencia ou contacto moi estreito e prolongado con un portador.

SÍNTOMAS NOS BEBÉS

- Febre
- Inquietude
- Palidez da pel
- Choros insistentes
- Somnolencia
- Rexeita dos alimentos
- Erupción na pel en forma de puntos ou hematomas

SÍNTOMAS NOS DEMAIS

- Dor de cabeza
- Vómitos
- Rixidez da caluga
- Confusión mental
- Malestar pola luz intensa
- Erupción na pel en forma de puntos ou hematomas

Como debe actuar no caso de que un neno presente os síntomas descritos anteriormente?

Consulte inmediatamente ao seu médico ou pediatra, xa que podería tratarse dunha forma clínica grave e precisaría de tratamento inmediato.

Que facer cando un neno estivo en contacto cun doente?

Sempre será o persoal sanitario quen estude cada caso e estableza as medidas preventivas oportunas. O persoal técnico de Saúde Pública dependendo do comportamento da enfermidade delimitará os contactos na gardería, colexio ou centro de traballo.

Importante

Este folleto soamente proporciona información xeral polo que ante calquera dúbida pode chamar aos seguintes teléfonos, en horario de oficina:

Delegacións de Sanidade:

A Coruña: 981 155 834

Lugo: 928 292 114

Ourense: 988 066 339

Pontevedra: 986 885 872

Atención sanitaria da Consellería de Sanidade:

902 400 116 (as 24 horas do día, os 365 días do ano)